

ÁMBITO

Localidade	Meis
Comarca	O Saalnés
Lugar de realización	Centro Social de San Lourenzo, pertencente á Mancomunidade

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	12
Nº de non militantes asistentes	5
Nº de militantes convocad@s	tod@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

<i>Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso</i>	
A nivel local	María do Pilar Xiráldez, Sandra Carballa
Representante do Consello Nacional	Por problemas de saúde non asistiu

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	1h e tres cuartos
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Grupo pequeno, sentados en círculo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Foi unha xuntanza distendida e máis participativa, ao expoñerlles cuestións máis concretas, as persoas digamos que, centraron máis as súas valoracións nestas cuestións. Sen que isto fora motivo para que saísen temas que libremente propuxeron @s asistentes. Notouse que había vontade de expresar opinións sobre o BNG, especialmente por parte dalgúns simpatizantes e colaborado@s. Tamén se moderou mellor as intervencións d@s propios militantes, tratando de non estar á defensiva cando saía algunha cuestión crítica con respecto ao BNG, eu creo que así @s participantes expuxeron con máis liberdade o seu parecer.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

- 1- Valoración do momento político actual. (O proceso estatal, novas formacións, etc)
- 2- Valoración do BNG, tanto con respecto a procesos pasados como de cara ao futuro (Rupturas, coalicións, novas alianzas, etc)
- 3- Como percibe a sociedade máis moza ao BNG.
- 4- Como vive a sociedade máis nova os temas políticos
- 5- Como percibe a sociedade o noso (BNG) discurso.
- 6- Como ve a sociedade en Meis, o noso traballo político.
- 7- Como se atopa a sociedade (problemáticas) de carácter xeral e local.

Con carácter xeral:

- 1- Valoración do momento político actual. (O proceso estatal, novas formacións, etc)
- 2- Como se atopa a sociedade (problemáticas) de carácter xeral e local.
- 3- Como vive a sociedade máis nova os temas políticos.

Radiografía da Galiza de hoxe

- A xente está moi cansa de tanta promesa e pensan que máis vale malo coñecido que bo por coñecer.
- Hai percepción de que os partidos están a derrochar á hora de convocar novas eleccións, quen sae mal parada de todo isto é a poboación que está afogada con impostos.
- Hai percepción de que a xustiza non funciona, que é desigual cando xulga a un/unha político e a unha persoa de a pé.
- Parece que aos actuais gobernantes impórtalles pouco se pasa calquera cousa no tema da saúde das persoas, o que queren é cobrar impostos.
- As persoas xa non saben que é dereita é esquerda, non distinguen entre nacionalistas ou non. A xente a día de hoxe non saben quen é o BNG, que partidos o conforman. Hai xente que vota Beiras pensando que el é BNG.
- Teñen a percepción de que xa non se pode facer política desde os partidos, senón que é o mercado e o capital quen goberna.
- Hai a sensación de querer equiparar o país a Europa nos impostos, pero non nos soldos. Sendo isto así, a xente vive afogada.
- Non hai conciencia política na xente, non chegan as mensaxes políticas, as que chegan non se entenden e dificultade dificultade para saber que é o que dicimos pola complexidade dos termos utilizados.
- Hai unhas situacións laborais tan precarias que a xente pensa moito antes de protestar ou revelarse.
- A xente nova pensa que a democracia non funciona.
- A xente inda segue a ter medo a votar ao BNG polo tema da independencia.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

- Percíbese abandono por parte do BNG aos/ás gandeir@s(xente do agro en xeral) desde que fai anos, cando se lles comezou a esixir requisitos desproporcionados.

Estratexia política do nacionalismo galego

-Hai que concienciar e explicar mellor que significa a independencia, especialmente no rural.

-Hai que loitar pola lingua no rural. Cada vez está máis castelanizado.

- Explicar mellor o tema da independencia @s propi@s compañeir@s do BNG, fáltnlles argumentos á hora de explicarllo á sociedade.

- Deixar de explicarnos con tecnicismos, utilizar palabras e recursos asequibles a toda a sociedade.

- Mudar a retórica de sempre, o leite, a pesca,... campaña tras campaña.

- Non centrarnos en falar do que fixeron mal @s demais senón facer e explicar as nosas propostas.

- Explicar mellor quen é o BNG agora.

- Corrixir o noso discurso para a xente moza, non sabemos transmitirilles. Á xente moza mensaxes como "somos unha colonia" literalmente: non se enteran, nin se inmutan.

- Falar con ANOVA, o nacionalismo ten que estar unido.

- Facer máis base social.

- Dinamizar a Galiza Nova, especialmente no caso de Pontevedra.

- Falar máis coa xente que nos rodea.

- Oposición motivada. Ilusionar.

Participación política e modelo organizativo